



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

##### Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 4 de setembro de 2026, sobre nomeamento de persoal eventual que textualmente di o seguinte:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que no Pleno desta Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 12 de xullo de 2023, aprobouse o Cadro de Persoal Eventual da Entidade, modificándose, posteriormente no Pleno desta Deputación, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2024; sendo a última aprobación definitiva do mesmo no Pleno do 30 de decembro de 2025, conforme ao disposto polos artigos 104 da lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 30 da Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como polo art. 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Á vista da proposta da Presidencia desta Deputación Provincial, que consta no expediente, propoño que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases de Réxime Local, resolva:

Nomear, con carácter de persoal eventual, con efectividade do día 7 de setembro de 2026 ao persoal que a continuación se relaciona para o posto que así mesmo, se sinala:

- Adscrito á Presidencia:

| Apelidos e Nome    | Posto de Traballo |
|--------------------|-------------------|
| Uz Pérez Mª Carmen | Asesor/a Nivel I  |

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, 7 de setembro de 2026.- O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2406

### CONCELLOS

#### BURELA

##### Anuncio

#### EXPEDIENTES 1732/2026 E 1733/2026 ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. MAIO 2026.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 23 de xullo de 2026 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de maio de 2026 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 10.515,92 €, correspondendo 956,40 € a libre concorrencia e 9.559,52 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Advértese que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de prema e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 18 de agosto de 2026.- A alcaldesa-presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 2383

## CASTRO DE REI

### *Anuncio*

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 1/2026 (Expediente: 664/2026)

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 17 de xullo de 2026, sobre o expediente de suplemento de créditos núm. 1/2026, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, como segue a continuación:

#### ESTADO DE GASTOS

| Capítulo | Descrición          | Importe   |
|----------|---------------------|-----------|
| 6        | Investimentos Reais | 10.000,00 |

#### ESTADO DE INGRESOS

| Capítulo | Descrición          | Importe   |
|----------|---------------------|-----------|
| 8        | Activos financeiros | 10.000,00 |

O que se publica para os efectos previstos na lexislación citada, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 171 Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, na forma e prazo establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a interposición do devandito recurso non supenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castro de Rei, 7 de setembro de 2026.- O alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2407

## CASTROVERDE

### *Anuncio*

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADO O DÍA 29 DE XULLO DE 2026 DE ANULACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN E CONVOCATORIA PRAZA DE OFICIAL DE OBRAS E SERVIZO POR PROMOCIÓN INTERNA. EXPEDIENTE 130/2026

Visto o acordo adoptado na xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 22 de abril de 2026 do teor literal seguinte:

Visto que no cadro de persoal do concello, figura vacante a seguinte praza de persoal laboral:

| Grupo/Subgrupo | Denominación | Clase de persoal | Nº | Sistema de selección |
|----------------|--------------|------------------|----|----------------------|
| C<br>C2        | Oficial      | Persoal laboral  | 1  | Concurso - oposición |

Visto que dita praza está dotada no vixente orzamento, e visto, así mesmo, o resultado alcanzado na Mesa Xeral de Negociación, coas asociacións sindicais máis representativas, que tivo lugar o pasado día 7 de novembro de 2025.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal referenciada, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde- Presidente con data do 5 de xullo de 2023, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Aprobar as Bases reguladoras das probas selectivas para cubrir en propiedade a praza vacante anteriormente referenciada por quenda de promoción interna mediante concurso-oposición.

**SEGUNDO.** Convocar as probas e publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello [www.concellodecastroverde.gal](http://www.concellodecastroverde.gal) e un extracto no DOG e BOE.

Visto que se publicaron as bases de selección e a convocatoria no BOP de Lugo nº 100 en data 5 de maio de 2026 e no DOG nº 108 do 11 de xuño de 2026.

Remitido o anuncio para a súa publicación no BOE non foi inxerido no diario oficial ao non ser unha exixencia legal, sendo unha medida adoptada de transparencia e publicidade para a maior difusión e participación.

A Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo alcalde en data 5 de xullo de 2023 e pola unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

**PRIMEIRO.** Anular as Bases reguladoras das probas selectivas para cubrir en propiedade a praza vacante anteriormente referenciada por quenda de promoción interna mediante concurso-oposición.

**SEGUNDO.** Anular a Convocatoria das probas selectivas para cubrir en propiedade a praza vacante anteriormente referenciada por quenda de promoción interna mediante concurso-oposición.

**TERCEIRO.** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello [www.concellodecastroverde.gal](http://www.concellodecastroverde.gal) e un extracto no DOG

Castroverde, 10 de agosto de 2026.- A alcaldesa en funcións, María del Pilar Ferreiro Villar.

R. 2408

## RIOTORTO

### Anuncio

#### EDICTO

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 14 de agosto de 2026 acordou aprobar o cambio de calificación xurídica da finca con referencia catastral 27054E006090530000R de ben patrimonial a parcela sobranse. O referido acordo xunto co resto do expediente expónse ao público polo prazo dun mes a efectos de exames e reclamacións a contar desde o día seguinte da inserción deste edicto no BOP e no Taboleiro de Anuncios Riotorto, 3 de setembro de 2026.- O alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2384

## SARRIA

### Anuncio

**Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **segundo trimestre de 2026**, o citado padrón

estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de Outubro de 2026, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Sarria, 3 de setembro de 2026.- O Sr. alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2385

---

### *Anuncio*

Por acordo plenario de data 30/07/2026 aprobouse inicialmente o expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Sarria.

Mediante a publicación dun anuncio de exposición pública da aprobación inicial do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº180, con data 08/08/2026, así como na Sede Electrónica do O.A Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, concedeuse trámite de audiencia aos interesados, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente puidese presentar suxestións ou alegacións.

Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista de que non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións, de conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia, a aprobación inicial da modificación da RPT elévase a definitiva.

De conformidade co establecido no artigo 127 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por medio do presente anuncio, procédese á publicación íntegra da mencionada relación de postos de traballo na sede electrónica do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme:

<https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal/transparency/cde2651e-68cc-4806-b3cc-7a138ef7db4f/>

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación deste Acordo.

Sarria, 7 de setembro de 2026.- O alcalde-presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2409

---

## **NOTARÍA**

### *Anuncio*

Yo, Juan José López Yáñez, Notario del Ilustre Colegio de Galicia con Residencia en Sarria, C/Gran Vía, nº9Bajo, notifico que con arreglo al artículo 297 de la Ley 2/2006 de 14 de Junio de Derecho Civil de Galicia, el día veinte de marzo de dos mil veintiséis y bajo el número 1029 de orden de protocolo se ha procedido a la protocolización del cuaderno particional de la herencia causada por don Evaristo López Prada.

Sarria, 3 de septiembre de 2026.- El notario, Juan José López Yáñez.

R. 2386

*Anuncio***EDICTO**

JUAN JOSÉ LÓPEZ YÁÑEZ, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA CON RESIDENCIA EN SARRIA,  
HAGO CONSTAR

Que en esta Notaria de Sarria, sita en la calle Gran Vía, nº9, Bajo se tramita ACTA DE PARTICIÓN CONFORME A LA LEY GALLEGA, con el fin de proceder a la partición de la herencia de la causante DOÑA MANUELA LÓPEZ TORRES

Que entre los herederos de la citada causante se encuentra la siguiente respecto a la cual no se ha podido realizar notificación:

DOÑA ADELINA LÓPEZ LÓPEZ.

Que se le comunica a dicha interesada o a cualquiera que tenga interés en dicha herencia lo siguiente:

Durante un plazo que finalizará en un plazo de treinta hábiles desde la publicación del presente EDICTO podrán los interesados comparecer en mi notaría, sita en la calle Gran Vía, nº9-bajo de la villa de Sarria (Lugo), en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma, proponer nuevos contadores-partidores o alegar lo que estimen oportuno en defensa de sus derechos.

Sarria, 3 de septiembre de 2026.- El notario, Juan José López Yáñez.

R. 2387